

Marcadores sociais

1. Qué son?

Os marcadores sociais son **aplicacións web** que nos permiten almacenar, clasificar e compartir **ligazóns** a sitio web.

Se almacenamos as ligazóns interesantes na carpeta “marcadores” ou “favoritos” do noso navegador atopamos varios problemas, como que non podemos compartilos ou acceder a eles dende calquera ordenador. Os marcadores sociais, pola contra, solentan estes problemas que aparecen ao utilizar unha aplicación local:

- Podemos gardar, recuperar e compartir as nosas ligazóns **dende calquera ordenador** conectado a internet, sen importarnos o sistema operativo ou navegador utilizados.
- Podemos facer **pública** a nosa colección de ligazóns para que outros usuarios e usuarias accedan a ela, e tamén podemos acceder aos marcadores do resto de usuarios e usuarias do servizo escollido. Establécese, polo tanto, unha **rede social**.
- O uso de **etiquetas** facilita e flexibiliza o proceso de clasificación e recuperación da información.



Para entender estes conceptos e saber o que imos facer neste tema do curso está moi ben este vídeo de common craft:

<http://dotsub.com/view/e843f413-96c2-481f-bf1e-bf4548059ff1>

2. Marcadores sociais no ensino

Os servizos de marcadores sociais son moi útiles para a actividade docente. Entre as súas vantaxes temos:

- Temos as nosas ligazóns accesibles dende calquera ordenador, o que facilita o seu uso co alumnado nos diferentes espazos nos que se desenvolven as clases. Exemplo: [Marcadores da materia de tecnoloxía en delicious](#).
- Podemos acceder aos marcadores doutros profesores e profesoras da mesma especialidade, constituíndo unha rede temática de interese educativo. Exemplo: [Grupo de bioloxía no bacharelato en Mr Wong](#)
- Podemos crear un grupo ou comunidade no centro de ensino que recompila ligazóns relacionadas coa docencia das materias que se imparten, de xeito que os marcadores seleccionados son accesibles tanto ao alumnado como ao profesorado. Exemplo: [grupo do IES Calamonte en MrWong](#)


- O alumnado, nun proxecto de investigación en equipo, comparte ligazóns interesantes sobre a temática do traballo, que logo deberá avaliar, escoller e utilizar. É o alumnado o que busca as ligazóns, e non o profesorado. Exemplo: [alumando de 4º ESO do Colexio Europeo de Madrid](#)

3. Entrando na rede de marcadores sociais. Delicious.


Existen múltiples servizos web de marcadores sociais, por exemplo: [Delicious](#), [Mister Wong](#), [Blinklist](#), [Diigo](#), [Furl](#), etc... Neste curso centrarémonos en [Delicious](#).

A. Abrir unha conta e inportar/engadir marcadores

O primeiro paso é acceder a <http://delicious.com/> e rexistrarnos (“Join Now” para crear unha conta, e “Sing In” para acceder cando xa está creada)



Despois de crear unha conta cos nosos datos, o servizo ofrece a posibilidade de **importar** os marcadores que temos no noso ordenador, podendo elixir entre importación automática ou manual. Se non desexamos importar os marcadores podemos saltarnos este paso (“Skip Step 2”)




Registration Complete!




Unha vez estamos rexistrados, é importante dispoñer duns botóns na barra de ferramentas do navegador que nos permitan engadir comodamente novos marcadores cando atopamos unha páxina que nos interesa.

Na páxina de ferramentas <http://delicious.com/help/tools> podemos atopar os botóns para inserilos no navegador que soemos utilizar.

- Para Firefox: <http://delicious.com/help/quicktour/firefox>
- Para Internet Explorer: <http://delicious.com/help/quicktour/ie>



Cando teñamos instalados os botóns na barra de ferramentas do navegador, basta con acceder a unha páxina que nos interese e clicar no **botón “Tag”**. Aparecerá unha ventá coma esta, na que introduciremos o título, os comentarios que desexemos e as etiquetas (tags) relacionadas co marcador.



Se non desexamos compartir este marcador co resto de usuarios e usuarias de delicious hai que marcar a casilla **“do not share”**. Dese xeito só será visible a través da nosa conta, pero non doutras.

Se clicamos agora no **botón “Delicious”** accederemos á nosa conta na web de delicious. Veremos que aparecerá o marcador que acabamos de gardar.

Se clicamos no **botón “Sidebar”** aparecerá unha barra lateral no noso navegador cos marcadores gardados en delicious.

B. Etiquetado

Nos servizos de marcadores sociais, do mesmo xeito que noutros servizos da web 2.0, a información non se organiza en carpetas, senón que se utilizan **etiquetas** (tags), que son palabras clave que describen o contido.

Estes son algúns **consellos** básicos para realizar o etiquetado en delicious:

- Utilizar etiquetas descritivas do contido
- Ordenar as etiquetas dende o máis xeral ao máis particular. Por exemplo, unha web que queremos marcar inclúe contidos animados para a materia de tecnoloxía do bloques de contidos de electrónica dixital, as etiquetas serían: animacións, tecnoloxía, electrónica, dixital.

- No caso de precisar etiquetar con dúas palabras, unilas mediante guión baixo ou un punto, pero non utilizar espazos. Por exemplo: ciencias_sociais, ciencias.sociais ou CienciasSociais.

Para organizar mellor os nosos marcadores podemos recorrer aos **paquetes de etiquetas (Tag Bundles)**. Por exemplo, podemos agrupar as etiquetas xenética, botánica e célula dentro dun paquete chamado “bioloxía”, e así resúltanos máis doado acceder aos marcadores relacionados coa bioloxía.

Create Tag Bundle

1. Enter Tag Bundle Name
robótica

2. Type the tags you want to add to the bundle, or click on them below
arduino lego picaxe programación robótica

Save Cancel

Tags Highlight tags already in another bundle

animacións aplicacións aplicacións_web arduino asociacións auga automóbil blogs debuxo departamentos dixital domótica eléctrica e hidráulica e nuclear e solar e térmica electricidade electrónica enerxía estruturas ferramentas hidráulica instalacións inventos lecturas lego maq-térmicas materiais mecánica metais metroloxía osciloscopio picaxe plásticos pneumática procesos profesorado programación propiedades proxectos recursos revistas robótica soft-libre tec-comunicación tec-información tecnoparte videos web20 xogos

c. Funcións de rede

C1. Network

Na parte superior dereita de cada marcador aparece un número encadrado en azul que indica o número de persoas que gardaron esa mesma ligazón na súa colección

Blogue: Tutoriais de Tucho 3 PEOPLE

Representación gráfica

EDIT | DELETE

debuxo profesorado blogues

History Notes My Network

Everyone's bookmarks for this web page

05 SEP 08 Representación gráfica
tecnoloxia.org

09 JUN 08 programas tutoriais de dibujo QCAD e INSCAPE
lozanoprieto

29 MAY 08 aburinho

Clicando nel podemos ver quen son esas persoas cos mesmos intereses ca nós e consultar as ligazóns que teñen gardadas.

Pódennos interesar as ligazóns doutras persoas usuarias de delicious, por exemplo, tratase dun profesor ou profesora da mesma especialidade ca nós, e recompila ligazóns útiles para as súas clases, que tamén me serven a min.

Entón podo incluílos no meu “Network” ou grupo de traballo seleccionando **“Add to my Network”** na súa páxina.

Save a new bookmark


Add to my Network

Tag options

Cando selecciono “**Network**” na miña páxina, aparecen os marcadores de tódalas persoas que teño no meu grupo de traballo.

[Bookmarks](#) | [Network](#) | [Tags](#) | [Subscriptions](#) | [Inbox](#)


Tamén podemos engadir os usuarios e usuarias seleccionando na nosa páxina “**Add a user to Network**”, e podo crear grupos privados seleccionando “**hide**” nas opcións.



C2. Subscrición a un tag ou usuario/a

Se nos interesa seguir unha determinada etiqueta, podo subscribirme a ela seleccionando “**subscriptions**”. É posíbel tamén seguir a etiqueta dunha determinada persoa usuaria.

[Bookmarks](#) | [Network](#) | [Tags](#) | [Subscriptions](#) | [Inbox](#)



Por exemplo, no departamento acabamos de mercar unhas controladoras Arduino, e estamos aprendendo a utilizalas e desexamos coñecer exemplos de aplicación. A subscrición á etiqueta “arduino” facilitánnos unha chea de ligazóns con información.

4. Información complementaria:

Podes ampliar información sobre marcadores sociais no curso realizado no congreso Internet en el Aula “[Marcadores sociais en educación](#)”

Atoparás información máis extensa sobre a utilización de Delicious e Mr Wong, así coma outras ligazóns de interese.

Glosario:

Home= casa (página principal)

Bookmarks= marcadores (as ligazóns que introducimos)

People= xente (para acceder ao network ou buscar persoas)

Tags= etiquetas (son as palabras clave que estamos usando para organizar os marcadores)

Search = buscar

Network = grupo de traballo (é o grupo que formamos cando engadimos a unha persoa ao noso grupo)

Subscriptions =subscricións (utilizámolo cando nos queremos subscribir a unha etiqueta)